


A GUERRA FRÍA



Universalis, [El mundo al borde de la guerra](#), CC-BY-SA-4.0

ENUNCIADOS DAS PREGUNTAS TEÓRICAS E DOCUMENTOS

- I. Características da Guerra Fría.
- II. Formación dos bloques antagónicos.
- III. Fases da Guerra Fría (1947-1962) “Fase Álxida da Guerra Fría”.
- IV. Fases da Guerra Fría (1962-1975)” Coexistencia Pacífica e distensión”.
- V. Fases da Guerra Fría (1975-1991). Fin da Guerra Fría e desaparición da URSS.

Recomendación

Unha redación clara e propia, é dicir, non baseada na copia literal das fontes utilizadas, utiliza o vocabulario do tema, pero acompañado dunha verdadeira comprensión do recollido, e coidando as máis elementais regras de ortografía e expresión.

CARACTERÍSTICAS DA GUERRA FRÍA

As orixenes

A alianzas formadas contra a Alemaña nazi, a Italia fascista e Xapón durante a II GM incluían rexímenes políticos e económicos moi diferentes que un inimigo común obrigou a deixar de lado durante o conflito. Á cabeza estaban os EEUU e, por outro lado a URSS que saíron engrandecidas da Guerra.

Os EEUU no Pacífico ao ocupar a maioría das posesións xaponesas, mentres que a URSS, ademais de incorporar territorios na zona báltica, exerceu o control militar e político dos territorios de Europa oriental que liberara dos nazis

Xa nas Conferencias de 1945 (Ialta e Postdam) xurdiron diferencias ideolóxicas e diferentes posicións sobre o futuro dos Estados liberados, e como administrar os territorios vencidos; diferenzas que se agravaron entre 1946-1947 ao consolidarse a presenza da URSS en Europa Occidental a través de rexímenes comunistas, o que levaría aos EEUU a poner en marcha unha política de contención do comunismo. O resultado final foi a **guerra fría (1945/1947 ata 1989/1991)**.

a. **División do mundo en dous bloques diferentes e contrapostos:** Occidental ou capitalista, liderado polos EEUU, e o oriental ou comunista liderado pola URSS. Bloques con diferenzas ideolóxicas, políticas, económicas, etc que configuraron unha barreira “*Pano de Aceiro*”.

b. **Enfrontamento bipolar de carácter global.** O enfrontamento entre as dúas superpotencias EEUU e a URSS, levou ao aliñamento, máis ou menos forzoso dos demais Estados coas posturas defendidas por estas potencias.

Estas potencias recoñecían dalgunha forma a zona de influencia da contraria. Zonas establecidas xa nas Conferencias de Ialta e Postdam, a URSS dominaba Europa Oriental (excepto Grecia) e os EEUU controlaba Europa Occidental, Xapón e América.

c. **Enfrontamento non bélico.** A pesar das diferenzas, non se deu un enfrontamento directo entre as superpotencias. A razón básica estivo no “*equilibrio do terror*” ou disuasión nuclear, e dicir, o medo a que a guerra nuclear fixera desaparecer á humanidade. Isto levaría a unha contínua carreira de armamentos e que supuxo cuantiosas inversións en gastos militares para renovar os respectivos exércitos, o que ao final facilitaría a busca de entendemento entre as grandes potencias.


Neste aspecto a necesidade de coñecer os plans do contrario levou a ambos bloques a un forte desenvolvemento da espionaxe (CIA, KGB).

- d. **Enfrontamento ideolóxico:** O capitalista e a democracia occidental, fronte ao comunismo e a ditadura do proletariado do bloque oriental. Ambos utilizaron todo tipo de medios (publicidade, radio, tv, cine, deportes, etc) para mostrar as bondades do seu sistema e as maldades do contrario.
- e. **Enfrontamento de tensión intermitente.** Enfrontamento constante ao longo dos diferentes períodos da Guerra Fría, pero non coa mesma intensidade, características e puntos de conflito.

FORMACIÓN DOS BLOQUES ANTAGÓNICOS

Durante toda a Guerra Fría houbo claramente **dous bloques diferenciados e enfrontados: o capitalista ou occidental, e o comunista ou oriental**. Diferencias establecidas tanto en función de aspectos xeográficos como ideolóxicos:

- **Xeografía** (básico consultar un mapa): o bloque oriental organizouse ao redor da URSS, abarcando Europa oriental e gran parte de Asia. O bloque occidental, no Atlántico norte ao redor dos EEUU e Europa Occidental.
- **Ideoloxía: liberalismo frente a comunismo**. Cada un ten a súa propia visión do que é a democracia¹. Diferenzas que se plasmaron tamén no **económico**, frente ao libre mercado do bloque capitalista; a economía planificada e nacionalizada do comunista.



Mapa do mundo durante a Guerra Fría en 1975: ■ Bloque occidental liderado por EEUU e aliados. ■ .
Bloque oriental liderado pola Unión Soviética e aliados. ■ Tercer mundo: países no alineados o neutrais.

Vorziblix, [Mapa do mundo durante a Guerra Fría en 1975, CC0](#)

Os bloques reforzaron a súa cohesión interna mediante o establecemento dunha serie de alianzas, tanto de carácter militar como económico, baseadas na colaboración e asistencia mútua.

¹ Fundamental analízalo e diferencialo nun documento.

BLOQUE CAPITALISTA OU OCCIDENTAL

A ruína de Europa e o crecente poder militar da URSS levaron aos EEUU a tomar un papel activo na política internacional. Así pasou a liderar un dos bloques de países vinculados por: unha ideoloxía “Doutrina Truman”, a colaboración económica “Plan Marshall”, a organización militar “OTAN” e unha estratexia defensiva (a represaría nuclear).

- **Fundamentación ideolóxica: Doutrina Truman**

Política exterior estadounidense presentada polo presidente Harry Truman o 12 de marzo de 1947, cando se dirixiu ao Congreso dos EEUU coa que buscaba conter a expansión do comunismo ofrecendo asistencia económica e militar a determinados países para evitar que caesen na órbita soviética (comunismo).

As ideas de Truman definiron a política exterior estadounidense durante todo o conflito contra a URSS e inspiraron a creación de proxectos como o Plan Marshall ou a OTAN.


Nos EEUU, un anticomunismo crecente levou á coñecida *Caza de Bruxas* (1948-1956) do senador republicano McCarthy contra toda persona sospechosa de ser comunista ou simpatizante. Afectou fundamentalmente a intelectuais, actores, científicos, etc. A través do Comité de Actividades Antiamericanas chegou a unha histeria colectiva na sociedade estadounidense.

- **Concesión de axudas económicas: Plan Marshall**

Co nome oficial de European Recovery Plan (*‘Plan Europeo de Recuperación’*) popularmente, o *Plan Marshall* foi un programa que EEUU impulsou para axudar aos países europeos a recuperarse da destrución provocada pola Segunda Guerra Mundial. Presentado en xuño de 1947 polo secretario de Estado, George Marshall.

En virtude deste plan, EEUU ofreceu asistencia técnica e administrativa aos países europeos, así como 30.000 millóns de dólares para reactivar as súas economías. Nun inicio, a axuda consistiu no envío de alimentos, combustible e maquinaria, e máis tarde en investimentos en industria e préstamos a baixo interese.

Os obxectivos básicos do Plan cumpríronse: fomento da produción industrial, reconstrución e mellora da agricultura, control da inflación, recuperación dos mercados e aumento do comercio europeo. Pero tamén os intereses económicos e políticos norteamericanos saíron beneficiados ao consolidarse o seu dominio sobre Europa Occidental.



- **Establecemento de lazos militares: OTAN**

A Organización do Tratado do Atlántico Norte (OTAN, NATO) creouse o 4 de abril de 1949 co Tratado de Washington no que 12 países² (actualmente son 32) comprometíanse a defenderse mutuamente en caso de ser atacados³.


A OTAN xurdiu como resposta directa á crecente presión exercida pola Unión Soviética sobre os seus veciños, co golpe de estado comunista en Checoslovaquia en febreiro de 1948, e o bloqueo do acceso por terra a Berlín Occidental como detonantes.

Tras a creación da OTAN o mundo quedaba dividido en dous bloques, o comunista e o capitalista, que se disputarían a hexemonía durante toda a segunda metade do S. XX.

Na actualidade a OTAN está formada hoxe por 32 estados. España ingresou en (1982) e moitos destes estados uníronse á alianza tras a caída da URSS, mentres que as recentes incorporacións de Suecia e Finlandia producíronse tras a invasión de Ucraína.

² Fundación da OTAN (Tratado de Washington, 4/04/1949): Bélxica, Canadá, Dinamarca, Estados Unidos, Francia, Islandia, Italia, Luxemburgo, Noruega, Países Baixos, Portugal e Reino Unido,

³ Conservaban a súa soberanía, pero cunha clara superioridade militar dos EEUU, no caso dun ataque.



Patrick Neil. [Mapa da ampliación histórica da OTAN en Europa.](#) CC BY-SA 3.0

Recomendable: El Orden Mundial, [¿Qué países forman la OTAN?](#)

- **A estratexia defensiva de disuasión⁴: unha represaría nuclear masiva.** Unha das características da Guerra Fría, foi a Intimidación do contrario mediante a ameaza da guerra nuclear, o que elevou a tensión entre os bloques.

Cronoloxía da bomba atómica (1945-anos 2000)
EEUU-6-9/08/1945/Bomba de Hidrógeno en 1952. URSS-23/09/49. GB-3/12/52. China-16/10/64. A India-18/05/74. Israel e Sudáfrica -22/09/79 (desmentido por estos países). Irak-1991. Corea do Norte-2006 Consultar: DW, Cronología de la bomba atómica.

⁴ En 1957 a ONU creou o Organismo Internacional de Enerxía Atómica (OIEA) para promover o uso pacífico da enerxía nuclear.

BLOQUE ORIENTAL OU COMUNISTA

A URSS salíu fortalecida da IIGM, ao liberar Europa Oriental durante a guerra. O desexo de expandir o seu sistema levouna a que entre 1945-1948 establecesen réximes controlados polos partidos comunistas constituíndose así as bases do bloque oriental/comunista.

En paralelo ao que ocorría no bloque Occidental, deulle cohesión ao seu bloque:

- **Fundamentación ideolóxica: Doutrina Jdánov**

Elaborada como contraposición á Doutrina Truman en setembro de 1947 por Andrei Jdanov, representante soviético na Kominform, e membro do Buró (dirección) do Partido Comunista da Unión Soviética (PCUS).

Asentou as bases da doutrina soviética en política internacional, e consolidó a idea da división do mundo en dous bloques.

Segundo Jdanov, existía un bloque "imperialista e antidemocrático" que comprendía a EEUU, Europa occidental, Turquía, Grecia, América Latina, o Próximo Oriente e China. En cambio, o bloque "antiimperialista e democrático" estaba conformado pola URSS e os países de Europa oriental e central.

Para coordinar as tarefas e presentar unha fronte común contra as ameazas norteamericanas, a URSS creou tamén en 1947 a **Kominform** ou *Oficina Internacional de Información Comunista* baixo orde directa de Stalin.

- **Creación dun espazo socioeconómico común: COMECON**

Destinado a acelerar a recuperación económica dos países de Europa oriental mediante a creación dun espazo económico común, o máis integrado e autárquico posible que se plasmou na creación do CAME/**COMECON** (Consello de Mútua Asistencia Económica en xaneiro de 1949).

- **Establecemento dunha alianza militar: Pacto de Varsovia (1955-1991)**

Creada en maio de 1955 como resposta á entrada da República Federal Alemana na OTAN co obxectivo de solucionar dunha forma pacífica os seus conflitos internos e apoiar a defensa mutua e dotarse de seguridade xurídica fronte aos países de Europa Occidental e, sobre todo, fronte á OTAN.


- **Estratexia de disuasión: a represaría nuclear** de Occidente recibía a resposta dos soviéticos.

“CONSTRUCCIÓN DOS BLOQUES E FASE ALXIDA da Guerra Fría” (1947-1962)

A máxima tensión da Guerra Fría tivo lugar nos primeiros anos, durante a configuración dos bloques. Os conflitos máis destacados:

- **Bloqueo de Berlín** (xuño de 1948-maio de 1949).

Primeira das grandes crises da Guerra Fría que cristalizaron na antiga capital do III Reich.



Na Conferencia de Potsdam en xullo de 1945 (rematada a Guerra en Europa), os vencedores "repartíronse" ao vencido polo que Alemaña quedou dividida en catro zonas de ocupación, a da URSS, Francia, Reino Unido e Estados Unidos. E o mesmo ocorríu con de Berlín, que quedaba dentro do territorio de influencia soviética.

En xuño de 1948, xa en Guerra Fría e durante un pico de tensión política entre as potencias, a URSS pechou as fronteiras da zona alemá que quedaba baixo o seu control, de maneira que o Berlín occidental baixo goberno francés, británico e estadounidense quedaba illado e sen abastecemento.

O único modo no que se podía cruzar as fronteiras era mediante un corredor aéreo que a URSS estaba obrigada a permitir, e que durou ata maio de 1949.

Esta crise acelerou a división de Alemaña e a configuración dos bloques. En 1949 os aliados creaban a RFA e a OTAN; a URSS respondeu coa creación a RDA e o COMECON.

Moi recomendable:

<https://www.historia-en-mapas.com/la-guerra-fria-y-el-enfrentamiento-entre-los-dos-bloques-1947-1991/el-bloqueo-de-berlin-1948-1949>

https://youtu.be/weP1g_HkbSQ?si=JjBSRmoLO7QKx7Bi

- **Guerra de Corea** (xuño de 1950-xullo de 1953).



Carmén Caesaris, [Guerra de Corea](#).

Tras a derrota de Xapón na Segunda Guerra Mundial, e a liberación da península de Corea, esta quedou dividida polo paralelo 38 en dúas zonas, unha ocupada pola URSS ao norte, e a outra polos EEUU ao sur, que se enfrontaron por primeira vez tras a invasión de Corea do Norte de Corea do Sur o 25 de xullo de 1950 co apoio de Stalin e o presidente chinés Mao.

O presidente Truman mobilizou á OTAN e ás Nacións Unidas, cun exército multinacional ao mando do xeneral MacArthur que conseguiu que os norcoreanos se repregasen cara o norte ata a axuda China, revertendo o curso da guerra e empuxando aos capitalistas de volta ao sur.

A fronte estabilizouse ao redor do paralelo 38, converténdose nunha guerra de desgaste onde ningún bando conseguía facerse coa vitoria grazas á constante chegada de reforzos por parte dos dous bloques enfrontados que contaban con arsenal atómico propio.

Tras tres anos de guerra e de numerosas perdas humanas (1 millón de civís e militares), a situación era practicamente a mesma. Pero:

- Alemaña Occidental (RFA) ingresou na OTAN.
- A URSS creou o Pacto de Varsovia, incorporando a Alemaña Oriental (RDA).
- No extremo oriental, China emerxe como a única potencia con influencia na zona; e Xapón convértese nun aliado dos EEUU na contención do comunismo en Asía.

Recomendación:

Por que se iniciou a guerra de Corea e como se dividíu en Norte e Sur?

https://youtu.be/Xcel3xPBPQU?si=Sx_8qDftevg79qAv

● **Canle de Suéz (outubro-novembro de 1956).**

A crise da Canle de Suez⁵ foi un conflito bélico entre o Reino Unido, Francia e Israel contra Exipto. A crise desencadeouse cando o presidente exipcio, Nasser nacionalizou a Compañía da Canle de Suez⁶ ao negarse os EEUU e GB a financiar a presa de Assuán.


Pero esta crise tamén temos que enmarcalo dentro do marco do conflito árabe-israelí iniciado en 1948, tras a creación do Estado de Israel e a expulsión da poboación árabe de Palestina. Como consecuencia, Exipto establecera unha alianza con Siria e Xordania en contra de Israel.

Cando se desatou a crise da Canle de Suez, o Reino Unido, Francia e Israel coordinaron a invasión a Exipto iniciándose a Guerra do Sinaí. Pero a comunidade internacional, incluído EEUU, rechazou o ataque e, baixo a presión de Estados Unidos e as ameazas soviéticas; os atacantes (GB, Francia e Israel) deberon retirar as súas tropas.

Cando finalizou a crise da Canle de Suez, a influencia política internacional do Reino Unido e Francia quedou debilitada. En cambio, Exipto viuse fortalecido e Nasser converteuse nun dos máis importantes líderes do nacionalismo árabe.

⁵ Tamén chamada Guerra do Sinaí.

⁶ Nacionalización da Canle de Suéz en beneficio da economía exipcia, prexudicando os intereses de empresas privadas británicas e francesas.



O fracaso da invasión de Sués monstruo o escaso protagonismo internacional de Europa, ao tempo que acentuou o das dúas superpotencias. A URSS aumentou o seu protagonismo no mundo árabe que aumentou o seu rexeitamento cara Israel.

A Crise de Sués mostrou tamén o crecente papel internacional dos países recentemente descolonizados e o protagonismo do chamado Terceiro Mundo.

Recomendación: *Guerras, crisis e o inédito bloqueo: os momentos culminantes na historia da Canle de Suez.* <https://www.youtube.com/watch?v=EBUtBHW4DrE>

- **Construción do muro de Berlín** (13 agosto de 1961).

En 1949, Alemaña converteuse en dous países separados: a República Federal de Alemaña (Alemaña Occidental), seguindo o modelo capitalista; e a comunista República Democrática Alemá (Alemaña Oriental), baixo influencia da URSS.

En 1961, a tensión entre os bloques respecto a Berlín era máxima, xa que entre 1949 e 1961, ao redor de 2,7 millóns de persoas abandonaron a RDA e Berlín Oriental. Aproximadamente a metade desa corrente migratoria estaba composta por xente xoven.

A noite do 13 de agosto de 1961, as autoridades comunistas ordenaron que se construíse un muro que dividise o leste e o oeste de Berlín para evitar que a xente cruzase dun lado ao outro.

A pesar das protestas occidentais, o reforzo do Muro continuou ata converterse nunha barreira difícil de cruzar ata a súa caída o 9 de novembro de 1989.

Que provocou a súa caída?

A chegada ao poder na URSS en 1985 de Gorbachov e a súa política de "*Glasnost*" (apertura, transparencia) que marcou non só á URSS, senón tamén aos países do bloque soviético.

Recomendación:

A construción do Muro de Berlín: Euronews

<https://youtu.be/OudluL0hYfg?si=Xk8n49Z7p4joiAcA>

Por que se construíu o Muro e por que caeu?


<https://youtu.be/sQxT-oKkuko?si=MMID5QgsaB0GI0Qe>

- **Crise dos mísís en Cuba (1962).**

Cuba tras a súa independencia de España en 1898 dependía dos intereses dos EEUU, en especial durante a ditadura de Batista; pero coa chegada ao poder de Fidel Castro en 1959, este aliñouse coa URSS en plena Guerra Fría e impulsou medidas de colectivización que ían contra os intereses das empresas estadounidenses.

EEUU rompeu relacións diplomáticas con Cuba en 1961, e aplicoulle a esta un severo bloqueio económico; a tensión entre ambos países crecía, levando aos EEUU á fracasada Invasión de *Baía Cochinos* (17 ao 20 de abril de 1961).

Dentro do contexto da Guerra Fría, Krushev (sucesor de Stalín), instalou na Illa de Cuba mísís nucleares apuntando aos EEUU. Empezaba a crise dos mísís.



Nicolas Eynaud , [Teatro americano da crise dos misís de Cuba](#). CC BY-SA 3.0

Entre o 22 ao 28 de outubro de 1962, o mundo estivo ao bordo da Terceira Guerra Mundial. Krushev e Kennedy chegaron a un acordo:

A URSS retiraría o armamento de Cuba, EEUU levantaría o bloque e non invadiría a illa, e retiraba os misís instalados en Turquía⁷.

A crise dos misís foi o momento de maior tensión da Guerra Fría. Asustados pola ameaza dunha guerra nuclear, EEUU e a URSS iniciaron unha etapa de distensión.

⁷ Unha solución que non satisfaceu os intereses cubanos que reclamaba a recuperación da base de Guantánamo, e que os EEUU levantasen o embargo económico; pero tampouco por completo aos EEUU que tivo que comprometerse a respectar o réxime comunista de Castro.

COEXISTENCIA PACÍFICA E DISTENSIÓN (1962-1975/1979)

A crise de Cuba mostrou que o *equilibrio do terror* non garantizaba de por si a seguridade mundial. Foi necesario chegar a certos acordos para poner límites á fabricación do armamento nuclear, e evitar que novas nacións entrasen no club nuclear.

Nesta etapa, denominada “*Coexistencia Pacífica* (1962-1979), da confrontación pasaron á coexistencia e distensión (*teléfono vermello*).

Factores que favoreceron a distensión:

1. O relevo dos dirixentes das grandes potencias que estableceron novos principios na súa política exterior

Na URSS Nikita Krushev, e o seu sucesor **Breznev**. Pero na práctica, a nivel internacional mantivéronse os episodios de tensión; e dentro do bloque comunista, era imposible abandonar as directrices de Moscova.

Nos EEUU, John F. Kennedy iniciou tras a súa vitoria nas eleccións de 1960 un novo estilo de política exterior nos EEUU “**A Nova Fronteira**” que implicou unha maior flexibilidade nos asuntos mundiais. O seu asasinato en novembro de 1963 foi unha importante traba, pero as súas ideas en política exterior mantivéronse con Johnson, Nixon e Carter.

2. A irrupción do Terceiro Mundo na escena internacional

Co proceso de *descolonización* dos anos 60 os novos países reclamaron ter voz propia e non ser simples países aliñados dentro de cada un dos bloques, a súa política baseouse na neutralidade e no “*Non Aliñamento*”. Pero sen embargo, os países do Terceiro mundo foron escenario de importantes enfrontamentos, ex. Vietnam, Afganistán, etc

3. A ruptura China-URSS

Con Mao Zedong en 1949 instalouse na China un réxime comunista aliado da URSS, pero tras a morte de Stalin en 1953, as diferencias entre ambos países foron cada vez maiores, ata romper nos anos sesenta.

4. Novas estratexias defensivas

Estratexias que contribuían a disminuir o risco nuclear e a inseguridade, tratando de buscar unha resposta flexible. Os EEUU estableceron cinco niveles de alarma “*defensa defcond*”, no que o último implicaba a guerra nuclear. Tamén o *teléfono vermello* para consultas directas en caso crise, e negociación sobre a limitación de armas nucleares.

5. Carreira de armamentos e conferencias de seguridade e cooperación.

En paralelo á distensión e á coexistencia pacífica, as dúas superpotencias desenvolveron unha intensa carreira de armamentos e desenvolveron todo tipo de armas: mísiles con bombas nucleares de diverso alcance, submarinos atómicos, avións con cargas atómicas, etc.

Pero o perigo nuclear e o elevado custo do mesmo, levou a negociacións para limitar o armamento nuclear: os **acordos SALT** (Strategic Arms Limitation Talks) en 1972 (SALT I) e 1979 (SALT II).

Coa chegada á presidencia dos EEUU do republicano Reagan en 1981, retomouse a política do rearme e intervención, foi o que se coñeceu como a “Iniciativa de Defensa Estratéxica” popularmente a “*Guerra das Galaxias*”; non se chegou a materializar, pero causou na URSS preocupación ao non poder invertir en armamento ante as dificultades económicas polas que atravesaba o país.

Situación que cambiaría coa chegada ao poder na URSS de Gorbachov en 1985, retomándose o diálogo entre as dúas potencias, e marcando o fin da Guerra Fría.

6. Carreira espacial.

Xunto coa carreira armamentística, as dúas potencias iniciaron un enfrontamento pola carreira espacial: A URSS lanzou no ano 1957 o primeiro satélite artificial, o Sputnik, e en 1961 Yuri Gagarin realizou o primeiro voo espacial tripulado.

Os EEUU, responderon coa creación da NASA e o programa Apollo para enviar ao ser humano á lúa (lográronno en 1969).

Unha carreira que tiña ao mesmo tempo un marcado carácter militar.

7. Celebración de conferencias de seguridade e cooperación en Europa

Entre 1973 a 1975, Europa, EEUU e Canadá de 1973 a 1975 na Conferencia para a seguridade e a Cooperación en Europa (CSCE) que culminou coa sinatura en Helsinqui das bases polas que se deberían regular as relacións entre os estados asinantes.


FOCOS DE TENSIÓN da “Coexistencia Pacífica

A Guerra de Vietnam: da descolonización, á política de bloques da Guerra Fría (1945-1975)

La guerra de Indochina (1946-1954)



La guerra de Vietnam (1954-1975)



A Guerra do Vietnam

1ª Guerra de Indochina(1946-1954)

A principios do século XX, Indochina era unha colonia francesa formada por Vietnam, Laos e Camboia. Tras a II GM (1939-1945), os grupos nacionalistas indochinos iniciaron a súa guerra de independencia, que rematou coa firma dun Tratado de Xenebra que dividía o país, temporalmente, polo paralelo 17º en dúas zonas: Vietnam do Norte, comunista⁸, e Vietnam do Sur (Saigón), donde tras a retirada francesa en 1954 se estableceu unha república autoritaria anticomunista co apoio dos EEUU⁹.

2ª Guerra de Indochina/Guerra de Vietnam (1955-1975)

Estados Unidos decidiu intervir directamente enviando ás súas tropas para evitar a influencia soviética.

Desde 1964, Estados Unidos (con Johnson como presidente), interveu de maneira directa na guerra co obxectivo de deter o avance comunista (desde comezos dos anos 60 existía unha guerrilla comunista en Vietnam do Sur, a Fronte de Liberación Nacional (FLN), “Vietcong”, que co apoio dos comunistas do norte iniciaron a loita pola reunificación do país.

⁸ Gobernada polo líder comunista Ho Chi Mihn.

⁹ Estados Unidos adoptou unha política de contención baseada en evitar a expansión do comunismo polos países adxacentes á Unión Soviética e China.

EEUU confiaba que a súa superioridade militar lles daría unha vitoria rápida fronte ás precarias forzas do exército norvietnamita e o Vietcong, pero non contaron coa resistencia destes últimos que:

- Aplicaron tácticas da guerra de guerrillas: racionaban ao máximo os seus recursos, evitaban as batallas corpo a corpo contra un inimigo mellor preparado; e, camuflábanse entre a poboación local e lanzaban ataques lóstrego (rápidos), xeralmente de noite.
- Coñecedores da xungla vietnamita, desenvolveron complexos sistemas de túneles e trampas de todo tipo capaces de sementar o terror e o desconcerto entre os norteamericanos.
- Contaban co apoio de China e a Unión Soviética, que lles suministraron armamento.

A brutalidade da actuación estadounidense (7,5 millóns de toneladas de bombas, 400.000 toneladas de napalm, 75 millóns de litros de axente naranxa e outros herbicidas), e o elevado número de baixas (2, 5 millóns) deron lugar a importantes protestas tanto no propio EEUU como no resto do planeta.

A imposibilidade de gañar levou aos EEUU á lenta retirada das tropas ao tempo que se iniciaban as conversas con Vietnam do Norte. Na Conferencia de París en marzo de 1973 o presidente Nixón asinou o alto o fogo e a retirada dos EEUU que permitiu a vitoria de Vietnam do Norte en 1975 e a unificación do país.

Para os EEUU esta guerra representou a primeira derrota militar na súa historia, ante un exército de campesiños, ao tempo que unha derrota moral para políticos e exército.

Para o bloque comunista representou un éxito, permitindo a expansión do comunismo polo resto de Indochina (Laos e Camboia).

Informe Semanal (25 m)

<https://www.rtve.es/play/videos/informe-semanal/fue-informe-vietnam-historia-guerra-1985/3105319/>

<https://www.youtube.com/watch?v=yf91uUdmST4>

Fin da Guerra do Vietnam

<https://youtu.be/ICb4bLYXkFQ?si=83s3qhTdqFujEWbU>

<https://www.rtve.es/play/videos/en-portada/portada-guerra-si-contaron/1773927/>

A foto que fixo historia

https://historia.nationalgeographic.com.es/a/ejecucion-saigon-foto-guerra-vietnam-que-gano-pulitzer_15070

Masacre sen sentido na guerra

https://historia.nationalgeographic.com.es/a/la-matanza-de-my-lai-un-crimen-sin-castigo_16451

Primeira Guerra de Afganistán (1979-1989).

Desde hai 45 anos, Afganistán, é sinónimo de guerra permanente (xunto con Siria e Palestina).

 Weaveravel, Mapa do despregue de tropas soviéticas en Afganistán en 1981. Domínio Público.	Imáxenes https://www.nationalgeographic.com.es/mundo-ng/dia-a-dia-y-guerra-afganistan-20-anos-imagenes_17323 Amnistía Internacional. 2023 https://www.amnesty.org/es/location/asia-and-the-pacific/south-asia/afghanistan/report-afghanistan/ Afganistán en El País https://elpais.com/noticias/afganistan/ Video sobre a situación actual https://www.youtube.com/watch?v=Lbma3VVkrQg
---	--

Todo empezou en 1979, cando a Unión Soviética, en plena guerra fría, invadiu Afganistán para colocar en Kabul a un goberno comunista afín e evitar a difusión de ideas fundamentalistas musulmanas. Para contrarrestar ao seu rival, EEUU axudou e armou aos talibáns.

Afganistán converteuse para os soviéticos no seu particular Vietnam. Cando en 1989 os soviéticos abandoaron Afganistán, os talibáns tomaron o control ata o 2001

O atentado do 11-S en Nova York, organizado desde Afganistán polos talibáns, empuxou a EEUU á guerra no país centroasiático.

Máis de vinte anos despois, cos norteamericanos en retirada, a guerra nin parou nin afrouxou.

Conclusión despois de 45 anos


Un país dividido -que segue en guerra- e varios millóns de refuxiados.

Unha elevada cifra de mortes: na primeira guerra, a dos soviéticos, entre 500.000 persoas e un millón; na que empezou en 2001 coa invasión estadounidense ha deixado preto de 150.000 falecidos, segundo Amnistía Internacional.

Conflicto en Oriente Medio (1948-actualidade).

Israel

La formación del Estado hebreo



El Orden Mundial (EOM), [*Formación do Estado Hebreo: Sete décadas do conflito.*](#)

Iniciouse coa creación do estado xudeo de Israel en territorio palestino (resolución da ONU en 1947) en 1948; dende entón árabes e xudeos protagonizaron (apoiados polas superpotencias) numerosos enfrontamentos: 1949, 1956, creación da OLP en 1964, a Guerra dos seis días en 1967, en 1973, primeiros contactos en 1978 "Acordos de Camp David", de novo o conflito en 1988 coa intifada, nova conferencia de paz en Madrid en 1991, recoñecemento da autonomía Palestina de Gaza e Xericó por Israel en 1994, Pero a paz segue sen establecerse nestes territorios.

Amnistía internacional

<https://www.es.amnesty.org/en-que-estamos/blog/historia/articulo/ocho-claves-para-entender-el-conflicto-palestino-israeli/>

National geographic (datos claves do conflito entre Israel e Palestina)

https://historia.nationalgeographic.com.es/a/fechas-clave-conflicto-entre-israel-palestina_20318

El País (video de 10 m)

https://youtu.be/uIWMA4GZ1Z0?si=eOWcg0C_PG1G7w6X

FIN DA GUERRA FRÍA E DESAPARICIÓN DA URSS(1975/79-1991)

Se na primeira metade dos anos 80 continuaba o enfrontamento entre as dúas grandes potencias (EEUU boicoteou os xogos olímpicos de Moscova e o bloque soviético fixo o propio cos de Los Ángeles).

A chegada ao poder na URSS en 1985 de Gorbachov que ante as dificultades polas que pasaba a URSS (económicas, tecnolóxicas¹⁰, etc) iniciou unha serie de reformas para transformar profundamente a xestión política e económica da URSS, son a **Perestroika** (reestructuración) e **Glásnost** (transparencia); en ambas non se pretendía cuestionar o sistema comunista, pero sí facelo máis eficaz.

Gorbachov para poder enfrontarse aos problemas internos, desenvolveu a nivel internacional unha política negociadora coa idea de reducir os gastos da carreira de armamentos, así en 1987 asinou co presidente dos EEUU Reagan o Tratado de Washington no que ambos se comprometían a eliminar e destruír os mísiles de alcance intermedio (500 a 5000 Km) instalados en Europa.

A Perestroika e os problemas internos na URSS dende 1988, aceleraron no bloque comunista de Europa Oriental, os desexos de cambio que acabaron coa caída do Bloque Comunista a partir do ano 1989 “Caída do Muro de Berlín” o 9 de novembro de 1989 símbolo do Pano/Telón de aceiro. Cambios que o goberno de Gorbachov non entorpeceu.

En decembro do ano 1989 reuníronse na illa de Malta, Gorbachov e Bush, acordo que dalgunha forma remataba coa Guerra Fría.

Así o 3 de outubro de 1990 unificábase Alemaña, e en novembro asinábase o Tratado sobre Redución de Forzas Convencionais que implicaba que moitas armas foron destruídas ou redistribuídas, diminuíu a presión sobre Europa; e a URSS retiraba as súas tropas de Europa Oriental.

En 1991 asinouse o Tratado START (Strategic Arms Reduction Treaty, Tratado de Redución de Armas) no que ambas superpotencias reducían o 30% do seu arsenal nuclear estratéxico; tamén nese mesmo ano desaparecían o COMECON e o Pacto de Varsovia, desaparece a URSS como tal e pasou a ser Rusia.

Gorbachov: icono do fin da Guerra Fría

<https://www.rtve.es/play/videos/telediario-2/gorbachov-icono-fin-guerra-fria/6681863/>

<https://www.rtve.es/noticias/20220831/mijail-gorbachov-guerra-fria-rusia-vladimir-putin/2399302.shtml>

¹⁰ O desastre de Chernóbil (abril de 1986).

Caída do Muro de Berlín

<https://www.rtve.es/rtve/20141105/25-anos-caida-del-muro-berlin/193775.shtml>

Visita a Chernobyl (abril 1986)

<https://youtu.be/FCfDHIBjlc?si=JGktMd6Zmkx1Qg4A>

RTVE (Noche temática)

https://youtu.be/Y_TGy3utaYo?si=CN7_dp-tDDZcAA63